



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*R.P. 2023/18405.- Resolución de aprobación das Bases reguladoras de tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do conservatorio profesional de danza da Deputación da Coruña para o ano 2023*

#### **BASES REGULADORAS DE TRES PREMIOS Á EXCELENCIA NA DANZA CLÁSICA DO ALUMNADO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO ANO 2023**

##### **1. Liñas xerais**

###### **1.1.- Obxecto**

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de tres premios á excelencia na danza clásica do alumnado do Conservatorio Profesional de Danza desta Deputación, con cargo á partida orzamentaria 0650/3261/481 do Orzamento Provincial do ano 2023, por importe total de 1.500 €.

###### **1.2.- Importes**

Os premios á excelencia na danza clásica concederanse a tres estudantes con sobresaínte ou matrícula de honra na materia de danza clásica no presente curso, terán un importe de 500 € e serán compatibles coas solicitudes de bolsas para o perfeccionamento de estudos de danza.

###### **1.3.- Tramitación**

As bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático na plataforma SUBTEL, o acceso á plataforma farase a través da sede electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/subtel>

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión e pago; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución desta convocatoria, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificarase mediante publicación na páxina web da Deputación e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

##### **2.- Solicitantes**

Poderá participar na presente convocatoria de premios o alumnado do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña que obtivese nota de sobresaínte ou matrícula de honra na materia de danza clásica no presente curso.

Para o caso das persoas menores de idade, o/a solicitante será sempre o/a menor, e o/a representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor/a legal do/a menor, que responsabilizarase de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario/a do premio.

##### **3.- Documentación**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL, accesible na sede electrónica da páxina web da Deputación da Coruña [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal).

Achegarase tamén a seguinte documentación:

3.1.- Documento nacional de identidade ou documento que regulamentariamente o substitúa do alumno/a solicitante do premio e, no caso de ser menor, da persoa que o represente.

3.2.- Currículo artístico do/a alumno/a solicitante.

3.3.- Cando non se achegase anteriormente, ou cando se modifiquen os datos xa achegados, certificación orixinal dos datos bancarios do/a solicitante, segundo o modelo oficial aprobado pola Deputación da Coruña. O titular da conta bancaria ten que ser o/a alumno/a solicitante. Modelo oficial dispoñible en: [www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais](http://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais)

3.4.- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.5.-Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin.

3.6.- Declaración do/a titor/a legal de que se responsabiliza de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/beneficiario/a dunha subvención pública.

O Conservatorio Profesional de Danza comprobará a matrícula no centro e a nota obtida no presente curso na especialidade de danza clásica do alumnado solicitante.

#### **4.- Lugar e prazo de presentación da solicitude e desistencia**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma SUBTEL.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

O prazo de presentación das solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria dos premios no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

A Deputación publicará na súa páxina web a resolución das persoas solicitantes admitidas e excluídas.

No prazo de 10 días desde a publicación da resolución, as persoas interesadas poderán formular reclamacións para emendar erros nas solicitudes non admitidas, transcorrido este prazo sen formular reclamacións considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Tamén será causa de desistencia da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

No caso de que non se formulen reclamacións, a resolución provisional considerarase definitiva.

No caso de que se formulen reclamacións, deberanse resolver expresamente na resolución definitiva de admitidos e excluídos.

#### **5.- Composición do tribunal**

A concesión dos premios realizarase por resolución da Presidencia, despois da proposta do tribunal que será presidido pola deputada Delegada especial de Educación e Delegada especial de Mocidade, e formarán parte del a dirección do Conservatorio Profesional de Danza e dous profesionais da danza, e formarán parte del a dirección do Conservatorio Profesional de Danza e dous profesionais da danza.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Deputación ou persoa na que delegue.

A composición do tribunal publicarase na páxina web da Deputación con anterioridade á súa reunión, coa finalidade de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

#### **6.- Concesión**

Para decidir a concesión dos premios, teranse en conta os seguintes aspectos que se valorarán segundo se indica:

6.1.- Nota na asignatura de danza clásica: ata 50 puntos.

6.2.- O currículo académico e o nivel artístico (cualificacións, etc.): ata 25 puntos.

6.3.- O informe da dirección do Conservatorio Profesional de Danza: ata 25 puntos.

Os premios serán outorgados ás persoas solicitantes por orde de puntuación.

A resolución da convocatoria darase a coñecer na páxina web da Deputación e no taboleiro de anuncios do Conservatorio Profesional de Danza e producirá os efectos de notificación para as persoas interesadas.

Contra a resolución que porá fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa notificación ou o recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, dende o día seguinte ao da súa notificación de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen que poidan interpoñerse simultaneamente ambos os dous recursos.

## 7.- Pagamento

Os premios aboaranse nun único pago, coa retención que corresponda en concepto de IRPF.

Para a percepción do importe, a persoa beneficiaria deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

## 8- Obrigas dos/as premiados/as

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar a devandita circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- a persoa que solicite o premio, ou
- a persoa que a represente perante a Deputación (se é distinta do/a solicitante)

Os premios serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para o mesmo fin.

## 9. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

### Disposición adicional primeira

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor dos/as solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

### Disposición adicional segunda

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

### Disposición final

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e as Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano 2023.

A Coruña, 8 de maio de 2023

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2023/3680